

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA EDICIÓ 2018 DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE OURENSE - FITO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou co **Concello de Ourense** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **21 de decembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento de accións relacionadas coa edición 2018 do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), que se celebrará na cidade entre os días 4 ao 14 de outubro, cunha ampla programación na que a novos autores como Genma Brió con *Liberto*; Selu Nieto, con *La última Boqueá*; Mariano Barroso e Alejandro Fernández, con *Todas las mujeres*, e Ana Lao e Iria Piñeiro, con *Anatomía dunha serea*, se suman textos senlleiros como *Unha habitación propia*, de Virginia Wolf, e novas formas de expresión que pasan polo clown, o circo, a acrobacia, o documental audiovisual e a interacción con outras formas de expresión, como ben representan as compañías Sottotus, El Poyo Rojo, Didascalía, Compañía IO ou Teatro en Vilo.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ourense vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego que naceu coa vontade de atender as diversidades artísticas e impulsar a creadores emerxentes do teatro textual a xestual.

Enténdese o FITO como un lugar de encontro e un proxecto estratéxico de proxección internacional da cidade de Ourense, que dinamiza a cidade dende o punto de vista social, cultural e artístico cunha programación diversificada (teatro de rúa, teatro-danza, teatro textual, teatro físico, teatro de autor, contemporáneo, de obxectos...) e equilibrada na que á importante presenza de compañías galegas e doutras comunidades autónomas se suman creadores europeos e iberoamericanos, nalgúns casos estreas absolutas. Unha grande






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

oportunidade, pois, para ver espectáculos que dan unha visión selecta e complementaria dalgunhas das expresións artísticas das artes escénicas en 2018.

Pero a programación do certame vai máis alá da exhibición de espectáculos. O desenvolvemento dun programa de actividades paralelas e complementarias, como o IV encontro "Mulleres creando", que reunirá a diferentes creadoras para construír un espazo de intercambio artístico, de divulgación e estudo da creación escénica das mulleres nas súas múltiples facetas, ou o curso de formación intensiva sobre o xogo como motor da creación, converten o FITO nun espazo singular de experiencia escénica.

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na potenciación do sector teatral galego a través da colaboración neste evento, que destaca polo seu firme compromiso na promoción das artes escénicas, na creación de público e de sinerxías entre artistas, afianzando unha estratexia de dinamización que aporta novos recursos para a programación teatral e fomenta os encontros e intercambio de producións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

